

**CEIP As
Bizocas**

PROXECTO EDUCATIVO



Curso 2023/24



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
CEIP "AS BIZOCAS"

Balea s/n 36988 O Grove- Pontevedra-Telf. 886 15 19 72

e-mail:ceip.asbizocas@edu.xunta.gal

www.edu.xunta.es/centros/ceipasbizocas



Este documento foi elaborado polo equipo de directivo, revisado pola CCP, aprobado polo Claustro e Consello Escolar e remitido a Inspección.

DATA DE REVISIÓN POLA CCP: 21/11/2023

DATA DE APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 05/12/2023

DATA DE APROBACIÓN POLO CONSELLO ESCOLAR: 05/12/2023

DATA DE REMISIÓN Á INSPECCIÓN EDUCATIVA: 11/12/2023



1. INTRODUCCIÓN	4
2. ONDE ESTAMOS? CONTEXTUALIZACIÓN	6
2.1 Situación xeográfica. O concello de O Grove	
2.2 O centro	
2.3 O alumnado	
2.4 O profesorado	
2.5 O persoal non docente	
3. QUEN SOMOS? SINAIS DE IDENTIDADE	9
3.1. Aconfesionalidade	
3.2. Lingua de Aprendizaxe	
3.3. Liña metodolóxica	
3.4. Tarefas escolares	
3.5. Horarios e oferta do centro en canto a actividades e servizos.	
3.6. Aulas fora das aulas	
3.7. Coeducación e igualdade	
3.8. Atención á diversidade	
3.9. Tratamento das competencias	
3.10. Relación centro – entorno	
4. QUE PRETENDEMOS? PRINCIPOIOS E OBXECTIVOS XERAIS	17
4.1 Obxectivos no ámbito curricular e da innovación.	
4.2 Obxectivos no ámbito da participación e da interacción	
4.3 Obxectivos no ámbito da organización e da administración	
4.4 Obxectivos no ámbito dos recursos	
4.5 Obxectivos no ámbito dos servizos	
5. COMO NOS ORGANIZAMOS	21
5.1. Órganos de goberno e participación	
5.1.1. Consello Escolar.	
5.1.2. Claustro de Profesores/as	
5.1.3. Órgano Executivo de Goberno:Equipo Directivo	
5.2. Órganos de Coordinación Docente	
5.2.1. Equipos de ciclo	



5.2.2. Comisión de Coordinación Pedagógica	
5.2.3. Equipo de Dinamización de Lingua Galega	
5.2.4. Equipo de actividades complementarias e extraescolares	
5.2.5. Departamento de Orientación	
5.2.6. Características e necesidades específicas do alumnado do centro	
5.2.7. Tutorías	
5.3. Outras Estruturas Organizativas	
5.3.1. Equipo da biblioteca	
5.3.2. Equipo das tecnoloxías da información e da comunicación	
5.3.3. Comisión de Convivencia e benestar	
5.3.4. Persoal non docente	
5.3.5. ANPA	
5.3.6. Concello	
5.4. Outros aspectos de funcionamento. Servizos complementarios	
5.4.1. Transporte Escolar	
5.4.2. Comedor Escolar	
5.5. Plan de Autoprotección do Centro.	
6. AVALIACIÓN	28
7. DIFUSIÓN DO PE	30

ANEXOS

- ANEXO I PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.
- ANEXO II PLAN DE ORIENTACIÓN.
- ANEXO III PROXECTO LINGÜÍSTICO.
- ANEXO IV PLAN DE LECTURA.
- ANEXO V PLAN DE CONVIVENCIA.
- ANEXO VI NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO
- ANEXO VII PLAN DIXITAL.
- ANEXO VIII CONCRECIÓN CURRICULAR.
- ANEXO IX PLAN DE ACTIVIDADE FÍSICA E HÁBITOS SAUDABLES



1. INTRODUCCIÓN.

Este PROXECTO EDUCATIVO é o instrumento para a planificación e xestión do C.E.I.P.AS BIZOCAS, pensado a partir da análise da nosa comunidade escolar, que recolle a proposta integral para dirixir e orientar coherentemente os procesos de intervención educativa.

Os nosos obxectivos só se poderán conseguir a través do esforzo persoal de profesorado e alumnado coa colaboración por parte das familias, das esixencias didácticas e da normativa de obrigado cumprimento. Pretendemos unha educación para todos e todas e unha educación en valores, favorecendo a convivencia baseada no respecto mutuo entre os diversos membros da comunidade educativa.

Este documento marca a personalidade do centro e servirá de base para a elaboración das diferentes programacións. Así mesmo complétase con outros documentos de xestión que se relacionan a continuación:

O Proxecto Educativo será, xa que logo, o marco legal de funcionamento do C.E.I.P.AS BIZOCAS e vai responder ás preguntas:

- Onde estamos? (análise do contexto)
- Quen somos? (sinais de identidade)
- Que queremos? (obxectivos a conseguir)
- Como nos imos organizar? (estrutura organizativa)

XUSTIFICACIÓN E BASE LEGAL

A LOMLOE (Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio , de Educación), sinala que os centros educativos, no exercicio da súa autonomía, recollerán no proxecto educativo os valores, obxectivos e prioridades de actuación, así como algúns aspectos que debe necesariamente incorporar. Ademais debe incluír un plan de mellora de centro, que se revisará periodicamente.

Normas básicas:

- Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948).
- Declaración dos Dereitos do Neno/a (1959).
- Pacto Internacional dos Dereitos Civís e Políticos (1966).
- Constitución Española (1978).



- Estatuto de Autonomía de Galicia (1981).
- Lei de Galicia 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes.
- Lei 2/2014, do 14 de Abril, para a igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia.
- Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia

Normas educativas xerais:

- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Real Decreto 732/1995, do 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros.
- Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e regula o observatorio Galego da Convivencia Escolar (DOG, 8/05/07)
- Real Decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario (DOG, 20/05/2011).
- Lei de Galicia 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG, 27/01/2015).
- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

Normas sobre Educación Infantil e Primaria:

- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.



- Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da CEOU.
- Real Decreto 95/2022, do 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e a ensinanzas mínimas de Educación Infantil.
- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- Real Decreto 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establece a ordenación e a ensinanzas mínimas de Educación Primaria.
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 26 de maio de 2023 pola que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria e se regula a súa avaliación
- Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

2. ONDE ESTAMOS? CONTEXTUALIZACIÓN

2.1. Situación xeográfica. O concello de O Grove.

O noso centro está situado no municipio de O Grove (Pontevedra), no lugar de Balea, na parroquia de San Vicente do Mar. Atópase delimitado polo concello de Sanxenxo. Ten unha extensión de 21,89 km² cunha poboación de 10.518 habitantes. A poboación distribúese entre as parroquias de San Martiño de O Grove e San Vicente do mar. A poboación, maioritariamente adícase ao sector servizos, ás actividades relacionadas coa industria da pesca: pesca, bateas, conservas,..., e en menor medida, a construción.

Os servizos que oferta o Concello son:

- Biblioteca.



- Casas da Cultura.
- Instalacións Deportivas.

2.2. O Centro.

O C.E.I.P. As Bizocas imparte as etapas educativas de educación infantil e educación primaria.

Conta con 7 unidades, distribuídas entre as etapas educativas de educación infantil e educación primaria. Polo tanto trátase dun centro de liña 1, con aulas mixtas en E. Infantil e 1º ciclo de E. Primaria.

O centro escolar consta de dous edificios: o principal e un pequeno almacén onde se atopa a caldeira.

A distribución e localización das instalacións é a seguinte:

PLANTA BAIXA	Aulas EI, despacho do equipo directivo, despacho orientación, aula AL, aula PT, ximnasio, comedor, almacén e arquivo, sala profesorado, conserxería, baños alumnado e profesorado e cuarto da limpeza.
1ª PLANTA	Aulas EP, aula de música e inglés, biblioteca, cuarto da limpeza e baños alumnado.
EXTERIOR	Patio de EI, patio de EP: pistas deportivas e zonas de xogo libre. Entradas cubertas: norte e sur.

Ten comedor de xestión indirecta, xestionado pola ANPA do centro.

Hai unha sola liña de transporte.

Así mesmo existen algunhas deficiencias importantes:

- Hai falta de aulas para poder atender ao alumnado con NEAE.
- Tampouco existen aulas para albergar ao alumnado de relixión. Este alumnado recibe as clases na biblioteca do centro.
- Non se dispón de patio cuberto, o que supón que os días que a climatoloxía non permita estar no exterior, o recreo realízase nas aulas.



- A pesar de tratarse dun edificio de construción relativamente recente, a falta de mantemento axeitado por parte dos organismos competentes provoca numerosas deficiencias no mesmo.

En canto aos **recursos materiais** tanto as aulas como a biblioteca, sala de mestres e diferentes despachos, están dotados con equipos informáticos, en moitos casos non funcionan correctamente. Na maioría das aulas hai un ordenador, canón e/ou pantalla dixital.

As aulas de 5º e 6º están dotadas con carros de carga xa que son aulas Edixgal. Todas as aulas contan con andeis, parede de cortiza e mobiliario axeitado para a práctica docente.

Aínda así, a dotación do Centro é insuficiente tanto no referente a mobiliario como a medios tecnolóxicos e materiais audiovisuais, onde cada ano se solicita a través das canles oficiais aquel material que o profesorado estima como máis necesario.

Contamos con varias fotocopiadoras, material de Educación física, PT, AL e ao longo do curso cóntase con aporte económico para a adquisición do material que se precise.

O horario do centro é de 8.40 a 13.40 h.

Comeza a garda de transporte ás 8.25 e remata ás 13.55h.

O martes permanecemos no centro de 16:00 a 18:30 h. A 1ª hora (16.00 a 17.00) corresponde ás titorías coas familias. O horario restante corresponde a diferentes reunións: equipos docentes, de traballo, Claustro, CCP,... e o Consello Escolar, cando corresponda.

As gardas de biblioteca son de 16.00 a 18.00 de luns a xoves.

O C.E.I.P. As Bizocas está adscrito ao centro **I.E.S. As Bizocas**.

2.3. O ALUMNADO

O centro acolle a 88 alumnos/as: 24 de Educación Infantil e 64 de E. Primaria, sendo mixtas as aulas de E. Infantil e 1º e 2º de E. Primaria.

No último ano a matrícula do centro veuse incrementada. Por iso é preciso un proxecto integrador que dea cabida a todas estas diversidades.



2.4. O PROFESORADO

O claustro de profesores está formado por un total de 11 docentes e 4 itinerantes. A maioría do profesorado é definitivo no centro.

ESPECIALISTAS	SEGUNDO CATÁLOGO	EN FUNCIONAMENTO
Educación Infantil	2	2
Educación Primaria	4	5
Educación Musical	1	1
Educación Física	1	1
Inglés	1	1
Pedagogía Terapéutica	1	2

Ademais hai unha mestra de Relixión, unha mestra de audición e linguaxe e un orientador, adscritos noutro centro do Concello, así coma unha mestra de Pedagogía Terapéutica, adscrita nun centro dun Concello próximo.

2.5. PERSOAL NON DOCENTE

Como persoal non docente o centro conta cos seguintes:

- Conserxe (dependente do Concello).
- 1 posto de limpeza (dependente do Concello e traballadora dunha empresa privada).
- 1 posto de ATE (dependente da Consellería).

3. QUEN SOMOS? SINAIS DE IDENTIDADE

O Proxecto Educativo de centro que se presenta xorde da necesidade de revisión e actualización da documentación que rexe e deseña o plano metodolóxico do CEIP As Bizocas.



Os centros educativos son institucións que co paso do tempo e sempre dependo do conxunto de persoas que conforman a súa Comunidade Educativa están en constante movemento, cambian e evolucionan.

Ante estes cambios, por outro lado lóxicos e normais, é preciso manter e acordar liñas educativas claras e consensuadas que aporten estabilidade e garantías na calidade de educación que se oferta.

Para que o proceso de ensinanza-aprendizaxe resulte máis produtivo e satisfactorio débense trazar unhas liñas de acción.

Tres son os estamentos da Comunidade Escolar do centro que deben ser coñecedores do presente documento : alumnado, familias e docentes.

Por suposto, cada un dende a súa perspectiva, resultará fundamental que saiban e coñezan a filosofía que se quere transmitir neste documento, desa maneira, e sendo todos e todas partícipes do mesmo, conseguiremos que o CEIP As Bizocas medre e mellore como proxecto educativo.

O Centro asume os seguintes sinais de identidade, entendidos como o conxunto de principios que caracterizan o Centro e orientan o seu labor educativo.

3.1. Aconfesionalidade

Como Centro de titularidade pública, maniféstase aconfesional e respectuoso con todas as crenzas, segundo os principios constitucionais dun estado laico. Igualmente se manifesta libre de calquera tendencia ideolóxica ou política determinada e ningún membro da comunidade educativa exercerá accións, actividades ou actitudes dirixidas ao adoutramento en calquera tipo de crenza ou ideoloxía.

Con respecto á Área de Relixión Católica, o Centro aplica a normativa lexislativa co alumnado que así o solicite e un programa de Atención Educativa para os que elixen esta opción.

3.2. Lingua de Aprendizaxe

Nos últimos anos vense dando un crecente emprego do castelán, que vai gañando terreo fronte o galego, polo que trataremos de reforzar a lingua galega sempre nos límites establecidos pola lei.

O Centro fai da lingua galega a lingua vehicular en todos os seus ámbitos de funcionamento, tendendo a un uso equilibrado e non discriminatorio das dúas linguas cooficiais en Galicia durante toda a escolaridade –galega e castelá-,



garantindo a adquisición da competencia lingüística propia da etapa, na convicción de que as linguas enriquecen, son multiplicadoras da propia competencia e son útiles.

Con esta mesma intención lévase a cabo un programa de seccións bilingües en lingua inglesa na área de plástica, en 1º e 2º de E.P.

3.3. Liña metodolóxica

Na etapa de Educación Primaria porase especial interese na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades que poderán ser tanto organizativos como curriculares.

Atenderase tanto a relación educativa coma a adquisición de técnicas, actitudes e valores dende cada materia, entendendo a nosa misión de educadores/as dende unha tripla vertente: instruír, educar e preparar para a vida.

Tendemos a desenvolver a capacidade de traballar en equipo tanto do profesorado coma do alumnado xa que consideramos que, aínda que entraña dificultade e necesita moita práctica, é fundamental e absolutamente necesaria nesta preparación para a vida que apuntabamos anteriormente.

Esta coordinación da que vimos falando, verase especialmente reforzada entre os equipos docentes das etapas de Educación Infantil e 1º de Educación Primaria para conseguir unha coherencia educativa e respectar os mínimos esixibles recollidos na programación de Educación Infantil. Os equipos docentes formularán, con criterios consensuados, unha reflexión común e compartida sobre a eficacia das diferentes propostas metodolóxicas.

Esta proposición diríxenos cara a unha nova metodoloxía que implica variados métodos de avaliación. Aplicaranse diferentes técnicas para a avaliación como os diarios, debates, probas específicas, resolución de problemas, mapas conceptuais, presentacións (ante a clase, centro ou país), resumos,... Con esta finalidade potenciaranse a variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Co alumnado de 5º e 6º úsase o libro dixital ao abeiro do programa Edixgal o que supón un cambio metodolóxico, posto que permite máis actividades prácticas creativas, delegando a parte teórica a exercicios "on line" polo que tamén en si xa é



unha ferramenta máis motivadora para aquel alumnado con maiores dificultades.

Desenvolvemos o espírito crítico e a capacidade de discusión e decisión. Cultivamos a busca, a adquisición de coñecementos e a sistematización científica pensando nunha utilización práctica, e que non haxa desconexión entre a teoría e a práctica, entre o traballo e o estudo.

Por iso, fomentamos a actividade e a iniciativa do alumnado fronte á busca dos coñecementos.

Fundamentámonos nas seguintes bases psicopedagóxicas:

1. A actividade: o alumno/a non ten de estar pasivo dentro da aula.
2. O nivel dos coñecementos previos dos alumnos/ás para así adaptar a nosa acción ás súas capacidades reais.
3. As diferenzas individuais ou tratamento da diversidade: non podemos entender un grupo de clase como unha entidade homoxénea senón diversa.
4. A concepción construtivista da aprendizaxe: Partimos dos principios básicos do construtivismo.

Tentaremos de implicar ás familias no proceso de ensino – aprendizaxe xa que é un factor determinante que deberemos potenciar activamente. A súa colaboración redundará positivamente no rendemento e nos resultados académicos do alumando.

✚ DOCUMENTOS DE AVALIACIÓN: Tal e como establece o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 26 de maio de 2023 pola que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria e se regula a súa avaliación

Serán documentos para a avaliación: o expedinte académico, as actas de avaliación, os documentos de avaliación final de etapa e de terceiro curso de educación primaria, e o informe indicativo do nivel obtido na avaliación final de etapa, o historial académico e, no seu caso, o informe persoal por traslado.

Ademais serán documentos para a avaliación, sempre baixo o criterio de cada docente:

- O rexistro de notas por materias.
- O rexistro das competencias, que servirán para ter unha mellor visión das competencias acadadas e realizar mellor a avaliación final.
- O rexistro da avaliación da práctica docente.



- As propostas de reforzo deseñadas para acadar unha avaliación positiva para cada neno/a con resultado negativo.

✚ **PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN:** As avaliacións dirixiraaas a persoa titora que levará os documentos onde rexistrou a evolución de cada alumno/a e adicarase a realizar unha valoración xeral dos resultados acadados e dos puntos nos que necesita reforzo. Ao final de cada avaliación dos alumnos/as farase unha avaliación do grupo cos aspectos mellorables e os máis salientables.

3.4. Tarefas escolares

Entendemos como tales os traballos extra que o profesorado asigna ao alumnado para seren realizados fóra do horario lectivo, nun prazo determinado e con obxectivos académicos e formativos predeterminados.

O Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. dentro do seu marco de autonomía pedagóxica e organizativa, establecerán, na PXA e nas NOFC, as pautas e/ou criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares.

As tarefas extraescolares poderán ser mandadas polos diferentes mestres/as, sempre tendo en conta que a carga non sexa excesiva para o alumnado. Terase en conta, así mesmo, as tarefas que envíen os demais mestres/as, de maneira que nunca se xunte unha cantidade excesiva aínda que sexa de materias diferentes. As tarefas que se envíen poderán ser de tres tipos:

- Tarefas que non dese tempo a rematar durante as sesións da mañá.
- Tarefas específicas de ampliación ou reforzo.
- Tarefas de investigación (traballos sobre temáticas diversas e en formatos diversos).

3.5. Valores e transversalidade

No CEIP As Bizocas defendemos un modelo de ensino baseado no respecto as liberdades individuais, o que supón o exercicio de tolerancia, o diálogo e a solidariedade para unha mellor convivencia. Inculcaremos e estimularemos os valores dunha sociedade democrática como son a solidariedade, o respecto aos demais e a actitude de diálogo.

Asumimos, pois, a responsabilidade de formar aos alumnos/ás no marco dun conxunto de actitudes, valores e normas.



A educación e a convivencia desenvolveranse nun marco de tolerancia e respecto á liberdade de cada persoa, á súa personalidade e conviccións, as cales non poderán ser perturbadas por ningún tipo de coacción.

Todo isto estará integrado no Plan de convivencia.

Neste senso, esta educación en valores ten un carácter transversal e o seu desenvolvemento no noso alumnado posibilitase a través dun tratamento interdisciplinar de contidos transversais ligados a tres núcleos de interese: Saúde, Medio Ambiente e Sociedade (educación para a paz, para a saúde e a calidade de vida, para o tempo de lecer, para a igualdade de oportunidades, educación ambiental, educación viaria, educación para a convivencia e a resolución pacífica de conflitos,...)

3.6. Aulas fóra das aulas

Para achegar máis ao noso alumnado á realidade dende unha óptica distintas á aula, abrimos as portas ao exterior realizando numerosas saídas ao longo do curso, especialmente á contorna próxima, dado o gran valor paisaxístico e ambiental, na que está situado o centro.

Pero tamén saídas didácticas: culturais, ecolóxicas, científicas, deportivas,... Asemade para integrar ao noso alumnado ao noso entorno sociocultural asistimos á representacións teatrais, exposicións,...

3.7. Coeducación e igualdade

Traballamos activamente pola eliminación das discriminacións por razóns de sexo, xénero e capacidades e, moi especialmente, polo respecto á identidade e imaxe das mulleres e na superación de mitos, tabús e diferenciación de roles entre a muller e o home, que permitan o desenvolvemento integral das persoas superando os comportamentos sexistas.

3.8. Atención á diversidade

Defendemos unha liña educativa que teña como principio fundamental a atención á diversidade a partir do principio de inclusión como base de desenvolvemento e no que a aprendizaxe cooperativa se converta no seu eixo metodolóxico, tratando de darlles resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado, mediante unha ensinanza personalizada e compensadora das desigualdades sociais, de maneira que cada persoa poida alcanzar o máximo



desenvolvemento das súas capacidades individuais. Prestar atención tanto a aqueles que mostren dificultades para acadar o nivel mínimo a través de cambios metodolóxicos ou adaptacións Curriculares, como aqueles outros que os superen, poñendo en práctica, se fose preciso, Programas de Enriquecemento Curricular. Entendemos que a diversidade como un feito valioso que contribúe a enriquecer a todoo grupo favorecendo a súa cohesión.

3.9. Tratamento das competencias

O desenvolvemento e avaliación das competencias do alumnado son entendidas como a adquisición das aprendizaxes imprescindibles desde unha posición integradora e orientada á súa aplicación en contextos e situacións reais.

Están relacionadas, de maneira prioritaria, co saber facer e constitúen o punto de referencia para determinar os procesos de avaliación e a promoción ou permanencia dun alumno ou alumna nun determinado curso.

O propósito final, co apoio do profesorado, debe ser:

- Que aprendan a pensar, a usar procesos creativos, críticos e reflexivos. O alumnado adquire competencia cando é capaz de buscar, seleccionar, tratar a información recibida para crear coñecemento, e finalmente, cando é capaz de aplicar o coñecemento adquirido de maneira autónoma.
- Que adquiren un coñecemento global e contextualizado dos temas, é dicir, integrando as aprendizaxes, relacionándoas cos contidos curriculares doutras áreas, asumíndoos e facéndoos transferibles e aplicables en diversas situacións de ensinanza- aprendizaxe.
- Que aprendan a convivir. Non só cos seus iguais, senón tamén contribuír á calidade e respecto das contornas naturais e sociais de forma crítica, apreciando o valor do que temos e de quen temos ao noso redor.
- Que adquiren a capacidade de valorar o traballo ben feito. Saber ser e sentirse ben facilitará ao alumnado a motivación para aprender.

3.10. Relacións centro – entorno

A nosa idea dunha escola democrática aberta e en continua interacción co noso entorno, precisa dunha participación real e efectiva de todos os membros da comunidade escolar por medio dos representantes elixidos por cada un dos estamentos que a compoñen.



No Centro están establecidos os mecanismos necesarios para esa participación efectiva de profesores, nais/pais e alumnado, persoal non docente ou Concello, no canto de que as súas opinións sexan consideradas á hora de tomar decisións.

Fóra do Centro, debemos xerar o maior número de relacións entre a escola e contorna, abrindo aquela e colaborando con, entre outras, as seguintes entidades:

- a) Autoridades educativo-administrativas: sendo un colexio público que imparte ensinanzas de Educación Infantil e Primaria, dependemos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia a todos os niveis (económicos, de infraestruturas, lingüístico,...) e en comunicación coa Inspección educativa.
- b) Concello: O Centro colabora co Concello nos seguintes ámbitos e accións:
 - Participando nas campañas planificadas de carácter cultural, deportivas, de solidariedade, etc.
 - Cedendo as instalacións e/ou materiais cando son requiridos, sempre cumprindo as normas establecidas pola Consellería de Educación.
 - Accións dirixidas á protección do medio-ambiente en colaboración coa Concellería de Medio Ambiente.
 - Educación viaria en colaboración coa Policía Local.
 - Charlas formativas cos/coas profesionais do Centro de Saúde.
 - Coordinación co departamento de Servizos Sociais (accións coas familias en diversos ámbitos).
 - Programas de prevención.
 - Outros programas e accións ofertados ao longo do curso escolar.
- c) A ANPA: Unicamente se responsabiliza da xestión do Comedor Escolar.
- d) IES As Bizocas: Ao concluír a E. Primaria no noso centro, o alumnado pode acceder directamente ao instituto ao que estamos adscritos. O noso colexio participa nas seguintes accións:
 - Coordinación anual co Departamento de Orientación de ambos centros (promoción do alumnado de 6º curso a 1º de ESO).
 - Charla informativa ao alumnado do de 6º curso por parte ou do D.O. do IES.
- e) Accións para a Comunidade Educativa: As familias son o piar máis importante na educación dos nenos/as. Por este motivo deben estar en constante comunicación cos docentes e co centro. Dende o CEIP As Bizocas bríndaselle a oportunidade de



participar nas actividades académicas dos seus fillos/as a través de:

- Charlas formativas para pais/nais dos máis variados temas de interese educativo.
 - Circulares informativas e documentos de formación ás familias, difundidos a través da web do colexio e o Espazo Abalar Móbil.
 - Campañas de solidariedade.
 - Exposicións, de traballos realizados polo alumnado que están expostos nos corredores.
 - Calquera outra participación que se organice en función das propostas/proxectos que se estean levando a cabo: contarnos a súa profesión, lectura de contos en infantil,...
- f) Colaboración coas Universidades: O alumnado poderá desenvolver as prácticas dos plans de estudos universitarios de grao e posgrao de universidades. Damos todas as facilidades posibles a estes alumnos/as en prácticas para a utilización dos recursos didácticos do mesmo e a súa integración nas actividades educativas que se desenvolvan. Así mesmo ofrecerémoslle toda a información que sexa necesaria sobre o funcionamento e xestión do Centro colaborando no seguimento e avaliación deste alumnado.
- g) Outras entidades:
- Diferentes asociacións.
 - ONGs.

4. QUE PRETENDEMOS? PRINCIPIOS E OBXECTIVOS XERAIS

No informe DELORS (UNESCO, 1999), a Comisión Internacional para a Educación do século XXI propón catro piares básicos sobre os que debe organizarse a educación dos pobos do mundo:

- Aprender a coñecer.
- Aprender a facer.
- Aprender a convivir.
- Aprender a ser.

Partindo destas premisas é responsabilidade dos centros educativos poñer en marcha un ensino-aprendizaxe que nos permita desenvolver no noso alumnado as



competencias necesarias para que poida incorporarse á vida adulta cunha ampla formación básica que o capacite para unha aprendizaxe permanente e de conseguir que contribúa realmente á formación de cidadáns preparados para afrontar os retos que nos esperan.

Somos conscientes de que a educación nos países desenvolvidos atópase inmersa nun proceso de cambio e adaptación. Este proceso de innovación é imparabile e así o reflicten as constantes renovacións das lexislacións educativas. Os centros educativos debemos camiñar cara unha adaptación das novas necesidades e demandas sociais.

No corazón da educación debe estar a transmisión de hábitos e valores e non só os coñecementos curriculares.

Por outra banda, a escola do século XXI non é o único axente que educa, por este motivo debemos implicar a outros axentes socializadores e facilitar as canles para que toda a comunidade educativa asuma responsabilidades de participación.

É a nosa intención conectar os nosos obxectivos coas expectativas e demandas sociais, facendo partícipe ao alumnado, profesorado, familias e comunidade educativa en xeral e actuando especialmente en campos que consideramos esenciais na consecución de parámetros de calidade, equidade e eficiencia:

- Implicación efectiva e esforzo compartido de toda a comunidade educativa.
- Atención á diversidade e prevención das dificultades de aprendizaxe, que concreta e desenvolve o Plan de Atención á Diversidade.
- Fomento da lectura, a escritura e as habilidades de comprensión e expresión da lectoescritura, que se desenvolven a través do Plan Lector.
- Promoción efectiva do plurilingüismo e da cultura galega, que ten a súa concreción no Proxecto sociolingüístico do Centro.
- Introducción das novas tecnoloxías na aula e na práctica docente, a través da aplicación do Proxecto TIC.
- Desenvolvemento das habilidades sociais e hábitos de traballo.
- Fomento da convivencia e da participación, a través do Plan de Convivencia.



4.1. OBXECTIVOS NO ÁMBITO CURRICULAR E INNOVACIÓN

- Formar persoas competentes capaces de resolver situación cotiás en contextos diversos e comprometidos coas responsabilidades colectivas.
- Promover hábitos de lectura no alumnado, fomentando o manexo de diferentes códigos expresivos (lingüísticos, de imaxe, xestuais,...) buscando mellorar a súa capacidade comunicativa.
- Interrelacionar os diferentes contidos curriculares para que o noso alumnado adquira un grao de desenvolvemento axeitado nas diferentes competencias.
- Impulsar a acción titorial individualizada e de grupo como algo esencial no proceso educativo.
- Crear no centro un clima acolledor, equilibrado e comfortable no que se fomenten as relacións interpersoais positivas e a convivencia harmónica entre tódolos membros da comunidade educativa.
- Incorporar as TIC ao proceso de ensino – aprendizaxe como medios e ferramentas de aprendizaxe e investigación, así como para a xestión do Centro e a súa relación co conxunto da comunidade educativa.
- Axustar as nosas estratexias de ensino ás necesidades das nosas alumnas e alumnos, poñendo especial énfase naqueles que teñan necesidades educativas específicas, en función do que permitan os recursos do Centro.
- Fomentar a convivencia das tres linguas (galego, castelán e inglés), fortalecendo o proceso de galeguización do Centro e adoptando medidas de apoio e reforzo á lingua inglesa para un correcto uso lingüístico educativo.

4.2. OBXECTIVOS NO ÁMBITO DA PARTICIPACIÓN E DA INTERACIÓN

- Manter ao Centro como unha institución aberta e en continua interacción coa súa contorna, potenciando, difundindo e desenvolvendo actividades colectivas de extensión cultural que fomentan a cooperación entre os membros da comunidade educativa.
- Potenciar os mecanismos e os procesos de participación activa e democrática de todos os membros da comunidade educativa para ofrecer unha educación de calidade e garantir a igualdade de oportunidades a todoo alumnado.



- Establecer relacións de colaboración e coordinación co IES adscrito e con outras institucións da zona.
- Manter a participación das familias na vida do Centro incrementando a calidade e fluidez da mesma, incluíndo a elaboración de programas de asesoramento que as orienten na realización de accións que favorezan a formación integral dos seus fillos e fillas.
- Promover a eliminación da discriminación de xénero no centro e a formación das nenas e nenos nos valores que lles permitan desenvolver en sociedade as súas capacidades, sen limitacións en función do sexo.

4.3. OBXECTIVOS NO ÁMBITO DA ORGANIZACIÓN E DA ADMINISTRACIÓN

- Flexibilizar e reestruturar o Currículo para que sexa unha ferramenta útil e colectiva da nosa intervención na aula.
- Dinamizar a vida do Centro, a partir do traballo en equipo e a coordinación entre os profesionais do equipo docente do Centro.
- Coordinar o paso da Etapa de Infantil a Etapa de Primaria.
- Promover proxectos de formación e innovación e cantas actividades se consideren adecuadas para a permanente actualización científica, pedagóxica e profesional do profesorado.
- Participar en Plans, Proxectos ou Programas de innovación e cantas actividades se consideren axeitadas para mellorar as competencias, habilidades e aprendizaxes no noso alumnado.

4.4. OBXECTIVOS NO ÁMBITO DOS RECURSOS

- Xestionar de forma eficaz todos os recursos dispoñibles, humanos, materiais e económicos, facilitando os procedementos administrativos mediante unha organización rigorosa e eficaz dos medios.
- Crear e utilizar instrumentos eficaces para a difusión da comunicación externa e interna das actividades que se desenvolven no Centro.
- Optimizar a oferta de actividades complementarias e extraescolares.
- Manter actualizada de forma permanente a dotación material e instalacións do centro para facilitar unha formación baseada nas tecnoloxías máis innovadoras.



4.5. OBXECTIVOS NO ÁMBITO DOS SERVIZOS

- Comprometer a todas as persoas da comunidade educativa no coidado e mantemento das instalacións e os recursos materiais da escola nas condicións adecuadas para uso e goce de todos.
- Xestionar e/ou supervisar as actuacións relativas á organización e funcionamento das prestacións de carácter complementario (transporte e comedor escolar) que ofrece o Centro

5. COMO NOS ORGANIZAMOS

A organización será a vía que nos permita no CEIP As Bizocas conseguir os obxectivos do Proxecto, facilitar as tarefas e ordenar os recursos existentes. Pretendemos evitar a duplicación de esforzos e a descoordinación que puidera existir establecendo unha estrutura organizativa axeitada e necesaria para que toda a acción educativa encamiñada ao desenvolvemento integral do alumnado sexa unha tarefa de todos e todas e non unha actividade illada.





5.1. ÓRGANOS DE GOBERNO E PARTICIPACIÓN

De acordo co previsto na LOMLOE (*Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, polo que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio, de Educación*), así coma no Decreto 374/1996, do 17 de outubro e a Orde do 22 de xullo de 1997, no CEIP As Bizocas existirán as seguintes Órganos de Goberno e Participación:

ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO

5.1.1. Consello Escolar

O Consello Escolar do CEIP As Bizocas é o órgano a través do cal participan na súa xestión os distintos membros da comunidade educativa. As súas competencias e réxime de funcionamento están reguladas no artigo 43 do Decreto 374/1996

No curso 2021/2022 levouse a cabo a renovación do Consello Escolar, quedando composto polos seguintes membros:

- Directora, que será a súa Presidenta.
- 3 mestres/as elixidas polo Claustro.
- 2 nais elixidas por eles/as mesmas, das cales unha será designada pola ANPA (Lexislativamente deberían ser 3, pero só se presentaron 2 candidatas).
- Lexislativamente debería formar parte do Consello Escolar un/ha concelleiro/a ou representante do Concello de O Grove, pero non se presentou ningunha candidatura dentro do prazo estipulado, polo que non se conta con representación do Concello.
- A secretaria do centro, que terá voz pero non voto.

5.1.2. Claustro de Profesores

O Claustro de Profesores do CEIP As Bizocas é o órgano propio de participación dos mestres e mestras no goberno do centro e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, informar e, de ser o caso, decidir sobre tódolos aspectos educativos do Centro. O Claustro estará presidido pola Directora integrado pola totalidade do profesorado que presta servizo no centro. As súas competencias e réxime de funcionamento establécese no artigo 47 do Decreto 374/1996.

5.1.3. Órgano Executivo de Goberno: Equipo Directivo

O Equipo Directivo é o órgano executivo de goberno do CEIP As Bizocas. Estará integrado pola Directora e a Secretaria (en centro con 7 ou menos unidades). A Directora asumirá as funcións do Xefa de Estudos.



5.2. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

5.2.1. Equipos de ciclo

Composto polo profesorado que imparte docencia en cada ciclo, sendo un deles/as designado/a coordinador/a. As reunións están establecidas segundo calendario establecido na PXA.

5.2.2. Comisión de Coordinación Pedagóxica

A CCP do CEIP As Bizocas estará constituída do seguinte xeito:

- A directora (que actúa como Presidenta).
- Os/As coordinadores/as de ciclo/etapa.
- As mestras de PT e AL.
- A coordinadora do equipo de dinamización da lingua galega.
- O xefe de Departamento de Orientación.
- A dinamizador/a da biblioteca.

As súas competencias e o réxime de funcionamento están fixadas nos artigos 61 e 62 do *Decreto 374/1996*.

5.2.3. Equipo de Dinamización de lingua galega

Coa finalidade de dinamizar e potenciar o uso da lingua galega no CEIP As Bizocas constitúese o equipo de dinamización da lingua galega de acordo co establecido no *Decreto 79/2010 para o plurilingüísmo no Ensino non universitario de Galicia*.

Será o responsable do deseño, posta en práctica e revisión do programa de actividades de fomento da lingua galega no marco do Proxecto lingüístico do centro.

O equipo de dinamización estará constituído por mestres e mestras e estará dirixido por unha coordinadora, preferentemente con destino definitivo no centro e por un período de 2 anos académicos renovables.

As súas competencias e mailas do seu coordinador/a así coma o seu réxime de funcionamento están reguladas nos Artigos 64 ao 68 do *Decreto 374/1996*.

5.2.4. Equipo de actividades complementarias e extraescolares

O equipo de actividades complementarias e extraescolares do CEIP As Bizocas será o encargado de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades. Estará dirixido por un/ha coordinador/a, preferentemente con destino definitivo no Centro, e por un período de dous cursos académicos renovables, se é o caso.



As súas funcións definición e ámbitos de actuación están definidos dos artigos 69 ao 79 do decreto 374/1996

5.2.5. Departamento de Orientación

As liñas de actuación do D.O. do CEIP As Bizocas levaranse a cabo en base a *Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa*. Pola que se ditan instrucións para unificar actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

Parte dos integrantes que forman o D.O. do CEIP As Bizocas son mestres/as adscritos a outro centro educativo (O xefe do D.O., a especialista en AL e unha especialista en PT). Só unha mestra especialista en PT forma parte do catálogo do centro.

A organización e funcionamento do D.O. aparece desenvolta na *Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na CCAA de Galicia* regulada polo *Decreto 120/1998*.

5.2.6. Características e necesidades específicas do alumnado do centro

Entendemos a atención á diversidade como o conxunto de accións educativas que tentan previr e dar resposta ás necesidades temporais ou permanentes de todo o alumnado do centro, e entre eles, aos que requiren unha actuación específica derivada de factores persoais ou sociais relacionados con situacións de desvantaxe sociocultural, de altas capacidades, de compensación lingüística, comunicación, linguaxe ou da discapacidade física, psíquica, sensorial ou con trastornos graves de personalidade, da conduta ou do desenvolvemento, de graves trastornos da comunicación e do desaxuste curricular significativo.

Terase en conta as actuacións programadas no centro, así como a influencia do contorno no que se move o alumnado. Buscaremos o apoio doutros sectores próximos nos que traballar de maneira coordinada e planificada. Sendo o contexto máis próxima a familia. A tolerancia, o respecto, a diversidade, así como a empatía, son moi importantes para unha atención á diversidade axeitada.

O obxectivo fundamental é que poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das capacidades persoais, intelectuais, sociais e emocionais, e en todo caso os obxectivos establecidos con carácter xeral para todas e todos.



A actuación integral rexerase polos principios de normalización e inclusión e realizarase tan axiña como ditas necesidades sexan identificadas.

Teremos como referencia a **Orde do 8 de setembro de 2021** pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

O noso centro conta con alumnado de Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) e alumnado con diversidade funcional que hai que darlle resposta dende os diferentes ámbitos educativos. Os métodos pedagóxicos serán amplos e variados adaptados a cada caso de forma individual e partindo dos centros de interese de cada alumno ou alumna e a súa capacidade, tentando así desenvolver un ensino baseado na experiencia directa e funcional para a vida diaria. O obxectivo fundamental é que poidan alcanzar ao máximo o desenvolvemento das súas capacidades persoais, intelectuais, sociais e emocionais, e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todos e todas os alumnos e alumnas. Á nosa metodoloxía engadímolle a estreita colaboración e coordinación entre todos os profesionais implicados na súa aprendizaxe, a familia e os recursos externos ao centro educativo, para así dar resposta a unha educación integral que o acompañe ao longo do seu desenvolvemento.

5.2.7. Titorías

Cada grupo de alumnos/as terá un mestre/a titor/a que exercerá as funcións que se especifican no artigo 81 do Decreto 374/1996, ademais das previstas no Plan de Acción Titorial.

5.3. OUTRAS ESTRUCTURAS ORGANIZATIVAS

5.3.1. Equipo da biblioteca

O obxectivo fundamental deste equipo vai ser o de integrar a nosa BIBLIOTECA no proceso educativo a través dun Proxecto Lector que articule todas as intervencións que se van realizar no Centro en relación coa lectura, a escritura e as habilidades comunicativas.

O equipo da biblioteca estará constituído por mestres/as e estará dirixido por unha coordinadora preferentemente con destino definitivo no Centro e por un período de dous cursos académicos renovables.



5.3.2. Equipo TIC

O equipo das Tecnoloxías da información do CEIP As Bizocas terá a responsabilidade de incorporar as TIC ao proceso de ensinanza-aprendizaxe a través do desenvolvemento do Plan TIC coa participación activa de todo o equipo docente, que articule todas as intervencións que se van realizar no Centro aproveitando as posibilidades que as TIC ofertan.

En case tódalas aulas hai ordenador, pizarra dixital e canón ou panel dixital. En 5º e 6º de E. Primaria hai aulas Edixgal. Ademais, nestes cursos, tamén se leva a cabo o proxecto Digicraft, co obxectivo de formar ao alumnado en competencias dixitais, desenvolvendo o seu máximo potencial.

O equipo das TIC estará dirixido por un Coordinador/a preferentemente con destino definitivo no Centro e por un período de dous anos académicos renovables.

5.3.3. Comisión de Convivencia

Trátase dun órgano colexiado que se crea para reflexionar e investigar en relación co estado da convivencia do Centro, propoñer e, de ser o caso, deseñar as estratexias a adoptar para o fomento da cultura e da paz e para mellorar o clima de convivencia do CEIP As Bizocas.

Terá carácter consultivo e velará pola correcta aplicación do disposto no Plan de convivencia e nas normas de convivencia do cada centro.

Constitúese, ao abeiro do disposto no Decreto 85/ 2007, do 12 de abril no seo do Consello Escolar e estará integrado por membros do mesmo e fundamentada nos seguintes documentos:

- Na Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Na Lei 2/2014, do 14 de abril pola igualdade de trato.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa.
- E o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro que desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño.

Composición:

- A directora que será a súa presidenta.
- Os/As coordinadores/as de ciclo.
- O profesorado de apoio ao alumnado con NEAE.



- O/A coordinador/a do equipo de dinamización da lingua galega.
- O/A xefe/a do departamento de orientación (*Decreto 120/1998*).
- O/A dinamizador/a da biblioteca (*Orde de 17 de xuño de 2007*).

As súas competencias están reguladas no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro que desenvolve a Lei 4/2011 do 30 de xuño.

5.3.4. Persoal non docente

O persoal non docente ao servizo do Centro concréntanse en:

- Conserxe.
- Unha persoa de limpeza, contratada polo Concello a través dunha empresa externa. Alén o seu réxime administrativo e/ou laboral, desenvolverán a súa actividade conforme aos principios que rexen as normas de convivencia, organización e funcionamento do centro.
- Unha ATE.

5.3.5. ANPA

A ANPA do CEIP As Bizocas é o órgano de representación das nais/pais ou titores/as legais dos alumnos/as.

Actualmente só xestiona o comedor escolar.

5.3.6. Concello

O concello oferta algunhas das actividades que se levan a cabo ao longo do curso, en especial, as referidas ao coñecemento, coidado e respecto da contorna.

5.4. OUTROS ASPECTOS DE FUNCIONAMENTO. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

5.4.1. Transporte Escolar

Consideramos o transporte escolar como un servizo educativo complementario que comporta a responsabilidade e implicación de toda a comunidade educativa na súa prestación.

Os usuarios deben respectar as normas establecidas nas NOFC.

Dispoñemos dunha única liña, onde viaxa unha acompañante do transporte que cumpre as funcións establecidas para este servizo.

Ao principio de curso introdúcese na aplicación da xunta de xestión de transporte escolar aquel alumnado que cumprimenta a solicitude de emprego do servizo. A esa



información debe ter acceso a empresa de transporte, a través da Consellería. Ademais tamén se lle fai entrega dun modelo de autorización para aquelas familias que autorizan a ir sos ao alumnado para casa e tamén onde se asinan as autorizacións das diferentes persoas, distintos ao pai/nai/titor, que recollerán aos nenos/as nas paradas.

5.4.2. Comedor Escolar

Entendemos o comedor escolar como un servizo complementario de carácter educativo que, ademais de cumprir unha función básica de alimentación e nutrición, está integrado na vida e organización do Centro.

A responsabilidade da súa xestión correspóndelle á ANPA, con xestión indirecta a través dunha empresa de catering da zona.

Contan con normas propias que regulan o seu funcionamento.

5.5. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO

O Plan de autoprotección regula as accións para desaloxar o centro con seguridade no menor intervalo de tempo posible.

Ante unha situación de emerxencia que poida poñer en perigo ás persoas que ocupan o edificio, procederase á evacuación do mesmo.

6. AVALIACIÓN

Entendemos a avaliación como un mecanismo regulador do proceso de ensinanza-aprendizaxe no que se analiza o papel de todos os elementos que interveñen no proceso educativo: alumnado, profesorado, obxectivos propostos, metodoloxía, actividades de intervención e técnicas de avaliación utilizados.

A avaliación aplicarase á totalidade do documento pero prestando especial atención a elementos principais como:

6.1 Análise das adquisicións realizadas polo alumnado ao longo do proceso de aprendizaxe en relación cos obxectivos previstos inicialmente, co fin de proporcionarlles as axudas necesarias que lles permitan ir mellorando.

A avaliación das aprendizaxes do alumnado será continua, global e terá un carácter formativo.



Partiremos dunha **avaliación inicial** que nos vai permitir coñecer o punto de partida de cada alumno/a ao iniciaren o proceso educativo.

Faráselle un seguimento da actividade do alumno/a, dificultades, ritmo e estilo de aprendizaxe,... que nos vai permitir ir facendo os axustes pedagóxicos necesarios para poder comprobar ao remate do proceso, se acadaron o desenvolvemento adecuado ás competencias básicas e medir o grao de eficacia de todo o proceso.

6.2 Análise da práctica docente e dos procesos de ensinanza a través do desenvolvemento da programación.

O profesorado debe contar con procedementos de avaliación variados para facilitar a avaliación do alumnado como parte integral do proceso de ensinanza e aprendizaxe e como un ferramenta esencial para mellorar a calidade da educación (Orde ECD/65/2015 de 21 de xaneiro).

A avaliación da práctica docente atenderá aos seguintes aspectos:

- Organización e coordinación dos Equipos Docentes.
- Planificación das tarefas. Dotación e distribución de medios, espazos e tempos.
- Ambiente de traballo, participación e implicación. Relación e implicación do pais/nais. Relación entre alumnos/as e entre o alumnado e profesorado.

6.3 Avaliación do PE

O PE dun centro ten que estar en constante revisión xa que a educación debe atender ás demandas dunha realidade social cambiante e ir ofrecendo respostas acordes cos novos coñecementos aportados polas Ciencias da Educación.

Cada final de curso, partindo da Programación xeral proposta, faremos unha análise a través da memoria final para analizar accións, recursos, tempos, organización,... e en base a estes indicadores facer propostas de mellora na Comisión de Coordinación Pedagóxica.



7. DIFUSIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO

O PE dun centro é imprescindible que sexa coñecido pola Comunidade Educativa.

Usarase as seguintes formas de difusión:

- Debater no claustro de xeito constante aspecto concretos do PE relativos á problemática que supón a súa aplicación para, deste xeito revisalo e melloralo continuamente.
- Presentalo ao Consello Escolar para o seu coñecemento e difusión entre todos os membros que o compoñen.
- Publicación na páxina web do centro para toda a comunidade educativa.